

## Programa de Formación: «Obradoiro de presentacións eficientes»

**Data:** venres, 1 decembro, 2017 - 11:30 - 13:30

**Lugar:** Salón de Actos do CITIUS

**Poñente(s):** Manuel V. Bermúdez Blanco (Servizo de Normalización Lingüística da USC)

**Idioma:** Galego

**Streaming:** Por confirmar



*Se empregas Powerpoint, Keynote ou Impress nas túas clases ou charlas e cres que non lle tiras todo o partido, esta sesión interésache*

As presentacións son unha ferramenta cada vez máis común entre o alumnado universitario. Aínda así, é habitual atopar pantallas que resultan un atranco para o apoio do discurso oral.

Nunha contorna onde priman os recursos visuais, esta actividade formativa pretende dar a coñecer as bases para a creación de presentacións de calidade que faciliten unha óptima transmisión do coñecemento científico.

### CONTIDOS

Coñecer a utilidade de traballar cos modelos da USC. Cómo facer unha presentación decente en 15 minutos

Deseño: imaxes, cores e contrastes

Crear textos axeitados para as diapositivas: *menos é máis*